

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
VINTE E OITO DE AGOSTO DE 2017.
EXPTE. 4849/2017.**

ASISTENTES:

D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL
D^a. MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
D. EMILIO VILLARMEA MÉNDEZ

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. JOSÉ VIVERO RUSSO

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 28 de agosto de 2017, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. JESÚS FERNANDEZ CAL, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario Accidental, D. José Vivero Russo, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia a Alcaldesa-Presidente dona *María Loureiro García*, que delega a súa representación no Primeiro Tenente de Alcalde, e maila concelleira dona *Lara Fernández Fernández-Noriega*.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.



Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO O DÍA 21-08-17.

Non existindo ningunha obxección ó respecto, procédese á aprobación da acta da sesión do día 21 de agosto de 2017.

2.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.

EXPTE. 4331/2017. ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DENOMINADO “MELLORA E REPOSICIÓN DE SANEAMENTO, REDES DE SUMIDOIROS E ABASTECIMENTO DE AUGA NO TREITO COMPRENDIDO ENTRE O NÚM. 70 E 96 DA RÚA GRANDE DE CELEIRO” (EXPTE CT 15/2017)

Visto que o expediente para a contratación da obra denominada “*Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga no treito comprendido entre o núm. 70 e 96 da Rúa Grande de Celeiro*” estará financiado íntegramente pola Xunta de Galicia, ao abeiro da Resolución de 19 de xuño de 2017 do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de acordo co disposto na Orde de 30 de decembro de 2016, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Vistos os antecedentes do expediente para a contratación da obra que, de xeito resumido, foron os seguintes:

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión de 2 de agosto de 2017, aprobou o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, previos os antecedentes de tramitación e informes preceptivos, acordando invitar ás empresas “*Carferlo S.L.*”; “*Viaqua, Gestión Integral de Augas de Galicia S.A.U.*” e “*Construcciones Cazás S.L.*”, para que presentaran proposición ao procedemento.
2. Na Mesa de Contratación, en sesión de 10 de agosto de 2017, segundo consta na correspondente acta, deuse conta das empresas presentadas ao procedemento, que resultaron ser as tres empresas invitadas, e procedeuse ao control da documentación administrativa contida nos sobres núms. 1 das proposicións, estimándose correcta polos membros da Mesa, admitíndo ás empresas licitadoras ao procedemento.

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

3. Na Mesa de Contratación de 14 de agosto de 2017, segundo consta na correspondente acta, procedeuse á apertura dos sobres núms. 2, con control da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras; deuse conta das ofertas económicas presentadas, con posterior acto de negociación, control de baixa desproporcionada e valoración das ofertas, segundo o seguinte resultado:

OFERTAS FINAIS TRALO ACTO DE NEGOCIACIÓN

<i>Carferlo S.L.</i>		<i>Const. Cazás S.L.</i>		<i>Viaqua</i>	
<i>Oferta económica</i>	<i>Prazo execución</i>	<i>Oferta económica</i>	<i>Prazo execución</i>	<i>Oferta económica</i>	<i>Prazo execución</i>
99.825,00 €	2 meses y 3 semanas	94.860,00 €	2 meses	94.862,54	2,5 meses

CONTROL DA BAIXA DESPROPORCIONADA

Non se detectou baixa desproporcionada segundo os cálculos que constan na acta da sesión.

VALORACIÓN DE OFERTAS

	<i>Empresa</i>	<i>Concepto puntuación</i>	<i>Puntos</i>	<i>Totais</i>
1	Carferlo S.L.	Oferta económica	28,50	33,16
		Prazo de execución	4,66	
2	Cazás S.L.	Oferta económica	30	50
		Prazo de execución	20	
3	Viaqua	Oferta económica	29,99	39,99
		Prazo de execución	10	

4. A referida Mesa de Contratación de 14 de agosto de 2017, vistas as ofertas presentadas e o proceso de valoración, propuxo como adxudicataria do contrato á empresa “*Construcciones Cazás S.L.*”, por un prazo de execución de obra de 2 meses e por un importe económico total de 94.860,00 €, IVE incluído, decidindo requirila para a presentación dos documentos previos á adxudicación do contrato, contemplados na cláusula 20 do prego de cláusulas.
5. A Xunta de Goberno Local, en sesión e 21 de agosto de 2017, vista a proposta de adxudicación do contrato efectuada pola Mesa de Contratación de 14 de agosto de 2017, a favor da empresa “*Construcciones Cazás S.L.*”, acordou requirila para a presentación dos documentos previos á adxudicación do contrato.

Visto que segundo consta no expediente de contratación e no informe do Servizo de Contratación para a adxudicación do contrato, a empresa “*Construcciones Cazás S.L.*” presentou ante o Concello os documentos

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

solicitados, previos á adxudicación do contrato, entre os que se atopa a garantía definitiva formalizada ante a Tesourería municipal, mediante a modalidade de aval bancario, por un importe total de 3.919,83 €,

Visto finalmente o informe do Secretario Accidental para a adxudicación do contrato, coa conformidade de Intervención,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado "*Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga no treito comprendido entre o núm. 70 e 96 da Rúa Grande de Celeiro*" á empresa "*Construcciones Cazás S.L.*", con CIF núm. B-27.010.982, cun prazo de execución de obra de 2 meses, e por un importe total de "*noventa e catro mil oitocentos sesenta euros*" (94.860,00 €), desglosado do seguinte xeito:

Orzamento base	21 % IVE	Orzamento total
78.396,69 €	16.463,31 €	94.860,00 €

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Intervención municipal e ao Servizo de Contratación, para requirir á empresa adxudicataria para o asinado do contrato, que deberá quedar formalizado no prazo de *quince días* computados a partir do día seguinte á recepción da notificación.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

EXPTE. 4656/2017.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DENOMINADO "SINALIZACIÓN DA RUTA DE SENDEIRISMO "PENEDO DO GALO" DO CONCELLO DE VIVEIRO" (EXPTE. CT 16/2017)

Visto que o expediente para a contratación denominada "*Sinalización da ruta de sendeirismo "Penedo do Galo" do Concello de Viveiro*" estará subvencionado, por un importe total de 12.187,46 €, ao abeiro das Resolucións da directora de Turismo de Galicia, de 27 de xullo de 2017, de concesión da subvención, e de 29 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para o fomento de accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Visto que para a execución desta actuación redactouse o correspondente proxecto polo arquitecto municipal de obras, don *Santiago Meitín Míguez*, que figura con data febreiro de 2017, donde se fixa un prazo de execución de "*un mes*" e un orzamento total, IVE incluído, de 19.846,93 €, desglosado do seguinte xeito:

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

Orzamento base	21 % IVE	Orzamento total
16.402,42 €	3.444,51 €	19.846,93 €

Vistos os antecedentes máis inmediatos deste expediente, que, de xeito resumido, son os seguintes:

1. A Intervención municipal emitíu certificado de Retención de Crédito, no que se acredita que para este expediente existe saldo de crédito disponible, que queda retido na partida orzamentaria núm. 1700.609.
2. Consta no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta actuación, asinado pola Alcaldía en data 24 de agosto de 2017.
3. Consta no expediente Providencia da Alcaldía e informe técnico relativos ás empresas a invitar ao procedemento.

Visto o informe favorable do Secretario Accidental para a aprobación do expediente, asinado dixitalmente o 28 de agosto de 2017, coa conformidade de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto denominado "*Sinalización da ruta de sendeirismo "Penedo do Galo" do Concello de Viveiro*", redactado en febreiro de 2017 polo arquitecto de obras municipal, don Santiago Meitín Míguez, cun orzamento de execución por contrata de 19.846,93 €, IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación da referida actuación, cun orzamento total de 19.846,93 € euros, IVE incluído, cun prazo de execución de un mes, así como a aprobación do gasto, que queda desglosado do seguinte xeito:

Orzamento base	21% IVE	Orzamento Total
16.402,42 €	3.444,51 €	19.846,93 €

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto. Declarar a tramitación do procedemento de carácter urgente, ao ter que xustificar os investimentos desta actuación ante a Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, con data límite a 31 de outubro de 2017.

Quinto.- Nomear como director da obra ao arquitecto de obras municipal, D. Santiago Meitín Míguez, e no suposto da súa ausencia, nomear para a súa substitución á arquitecto técnico D^a. Irene Fernández Cora e, en ausencia



Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

desta, á arquitecto técnico-enxeñeira da edificación, dona Ana Coya Guerrero.

Sexto.- Solicitar a presentación de proposicións ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de tres días naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula dezaseis do prego de cláusulas administrativas particulares, do que se lles adxunta copia:

DENOMINACIÓN EMPRESA	CIF	DIRECCIÓN
Sherpa Project S.L.	B-70.159.660	Carretera de Baiona, 12-3º D 36700 Tuis / Pontevedra
Futures Infografía S.L.	B-27.235.555	Avda. de Ferrol 27 27850 Viveiro / Lugo
Stick Publicidad S.L.U.	B-27.458.595	Rúa das Cesteiras núm. 25 27003 Lugo

Sétimo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión e comunicación do presente acordo ó Departamento de Intervención.

4.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS

EXPTE. 4851/2017

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade de Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do Concelleiro de facenda referente ao expediente 4851/2017.

Segundo. Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte do Primeiro Tenente
Folla 6 de 7



Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

de Alcalde levántase a sesión, sendo as catorce horas e dez minutos do día 28 de agosto de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretario accidental, dou fe.